

# Todas as vidas do rostro de H.

Estíbaliz...Espinosa, 2013

**Multiverso: termo da astrofísica utilizado para definir todos os universos posibles, incluído o noso.**

Hai moitas parecidas, ningunha é igual. Fíxense. Algo varía, algo imperceptible. Pero, quen é ela? Dise que o 25 de febreiro de 1941, no multiverso 612, algúns parisienses viron cómo Henrietta Lovelace, astrónoma de profesión e paixón, dirixíase ao Salon Polyphoto situado na *rue de Rivoli* de París. Viña de comparar placas fotográficas de cúmulos estelares Hormoneidas e, inda por riba, acababa de namorar.

Recén namorada Henrietta, que nunca se tomara foto ningunha, sácase 300 de golpe deixándose a paga quincenal. Quere retratarse como a lúa: con *case* todas as súas caras

No multiverso 17 a versión cambia un pouco: ela non namorou de ninguén aínda. Permanece virxe e aplicada ás súas placas. O seu discípulo e becario S. Pierpont, 12 anos menor, vén de declararse nunha arroutada de variabilidade estelar confusa. Ela respondera fríamente, corrixíndolle unha suma mal efectuada.

Segundo as máis prestixiosas revistas científicas do momento, Henrietta Lovelace escribiu cartas de amor arrebatado desde o seu Massachusetts natal a Pierpont. Sabemos que se trataba de cartas de amor arrebatado, aínda que na súa aparencia externa non eran senón sistemas de ecuacións e anotacións de noites de *rave* astronómica e amencerres co pelo revolto e o ollo no telescopio.

Din as boas linguas que nalgún multiverso Henrietta rexeitou formar parte do famoso harén do astrónomo S. Pickwick, que examinaba datos sen descanso e saía máis barato por ser man de obra feminina, sen esixir recoñecemento.

Nas cartas máis subidas de ton, Henrietta firma co pseudónimo de Ada Swann de Alexandría.

Segundo outras versións e outros multiversos mutantes, Henrietta non amaba a Pierpont, senón a unha tal Ada Swann de Alexandría, experta en linguaxe computacional de día e contraaixista parisiense de noite. Xuntas xogan nunha mariola que comeza na terra, acaba no ceo e ten o seu centro en todas partes.

No multiverso 1974, H. toma un barco cos astrolabios pintados de vermello China

A súa observación da variación das estrelas Hormoneidas coincidiu cos seus desexos de ser nai. As hormonas atrapárona e deu a luz unha filla.

A filla do fillo do fillo desa filla orbitará a Terra no 2065 e, desde o espazo, tomará 300 fotos. Todas as vidas do rostro do noso anaco de universo.

Estíbaliz...Espinosa,  
para a obra de Maria Chenut na exposición «O gabinete dun  
afeccionado», comisariada por Rosendo Cid no Museo Municipal de  
Ourense, de xullo a setembro de 2013

### **Notas de aclaración para o Catálogo**

O personaxe de Henrietta Lovelace/Ada Swann de Alexandría é un híbrido formado a partir das personalidades de Henrietta Swann Leavitt [1868-1931], astrónoma de Massachusetts, Ada Lovelace [1815-1852], filla de Lord Byron e unhas das pioneiras da linguaxe computacional e a programación informática e Hipatia de Alexandría [355-416], célebre matemática e astrónoma de orixe grega.

Henrietta S. Leavitt formou parte do que se denominaba o «harén de Edward Ch. Pickering»—non Samuel Pickwick, que é personaxe de Dickens— un grupo de mulleres que analizaba e compilaba datos astronómicos como man de obra barata. A ela débese o estudo das variables Cefeidas.

Samuel Pierpont [1834-1906] foi un astrónomo, tamén de Massachusetts mais, que se saiba, non tivo relación íntima algunha con Henrietta S. Leavitt, bastante máis nova ca el.

Estíbaliz...Espinosa